

PRESENTACIÓN

Miguel Carballido, militante da CGT de Vigo, Secretario desa Federación Local en varias ocasións e Secretario Xeral da CGT de Galicia entre 1995 e 2000, deixounos o 17 de marzo pasado. Mais Miguel Carballido, pola súa exemplaridade, pola súa persoalidade militante, pola súa lucidez, teimuda e tensa, permanecerá para sempre na nosa memoria e vontade actuante. Por iso, porque coa súa vida e a súa militancia, representou a continuidade da “memoria viva”, da presenza libertaria, nomeamos co seu nome estas Xornadas



O pasado ano 2006 foi decretado polo poder e mailos seus acólitos como o Ano da Memoria. Un Ano da Memoria subvencionada, interesada e terxiversada que convertía aos loitadores libertarios en autonomistas e demócratas a defender a lexitimidade institucional.

A CGT de Pontevedra segue a ter memoria, segue lembrando a loita dos que en 1936 comenzaron o máis importante intento de conquistar unha sociedade sen clases, unha sociedade de liberdade e xustiza para todas e todos.

Por todo isto, dende a CGT non esquecemos, e seguimos a prender a chama da rebeldía



CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

rúa Pasantería, 1 - 3^a
36002 **Pontevedra**
Teléf/Fax: 986 89 63 64
cgt@cgtpontevendra.com

rúa Urzáiz, 73 - Entrechán
36204 **Vigo**
Teléf/Fax: 986 43 14 76
cgtvigo@teleline.es

rúa Baldosa, 14 - 1^o
36600 **Vilagarcía de Arousa**
Teléf/Fax: 986 50 94 71
cgtvilagarcía@cgt.es

Webs: www.cgtgalicia.org
www.cgt.es
www.rojoynegro.info
www.memorialibertaria.org



Xornadas
Memoria Libertaria
“Miguel Carballido”
Pontevedra,
do 16 ó 20 de abril

Organiza:



No Salón de Actos
do Edificio Sindical
rúa Pasantería, 1
Pontevedra

XORNADAS DA MEMORIA LIBERTARIA “MIGUEL CARBALLIDO”

PROGRAMA

Inauguración: Luns, 16 de abril, ás 20 horas, coa charla-coloquio “*Memoria Libertaria e Anarcosindicalismo hoxe*” a cargo de **Miguel A. Cuña**.

Presentación do documental “*Patagonia, utopía libertaria*” co director do filme, **Xan Leira**, o martes 17 de abril, ás 20 horas.

Charla sobre a “*Resistencia libertaria contra o franquismo en Galicia*” a cargo do historiador **Dionisio Pereira**, mércores 18 de abril, ás 20 horas.

Proxección de “*Recursos Humanos*”, filme de 1999 do director Laurent Cantet o xoves 19 de abril ás 20 horas.

Remate das Xornadas coa actuación do **Coro Libertario de Vigo**, o venres 20 de abril ás 21 horas.

EXPOSICIÓN: Do luns 16 de abril ó venres 20 de abril, de 17 a 21 horas.

Tódolos actos terán lugar no Salón de Actos do Edificio Sindical, sito na rúa Pasantería, 1 baixo. Pontevedra.

A EXPOSICIÓN “MEMORIA LIBERTARIA”

Consta de 26 paneis que amosan dende os antecedentes éticos e filosóficos do anarquismo ata o plantexamento do debate pendente sobre a Revolución.

De xeito cronolóxico presenta dende a Primeira Internacional ás organizacións que, como a Confederación Nacional do Traballo, a Federación Anarquista Ibérica, as Xuventudes Libertarias e Mulleres Libres, conforman o Movemento Libertario.

Dende o Naturismo ao Esperanto, a Cultura Ácrata e maila súa Filosofía, a Pedagogía Libertaria, os Ateneos, ata o proceso producido o 19 de xullo, cando o pobo en armas frea o golpe fascista en boa parte do país e o proletariado entra en escea como principal actor, representando coa perda da guerra o final do drama histórico.

Os paneis están acompañados dunha exposición virtual de carteis da época.

A eclosión da Revolución Libertaria plasmouse en infinidade de realizacións. Unha nova orde social, auto-xestionaria, organizada de abaixo a arriba, tivo nas colectividades o seu principal exponente.

Os traballadores viviron por primeira vez todo aquilo que tiñan soñado, experimentando a liberdade, a solidariedade humana, o apoio mutuo e a igualdade entre homes e mulleres, cunha filosofía acorde aos requisitos que demanda a nova sociedade e unhas prácticas comprometidas coa natureza e a fraternidade universal.

Décadas de cultura libertaria e de ensino racionalista, a través dos ateneos e os sindicatos, fixeron posible a preparación intelectual do pobo.

